

o seu mellor funcionamento; e f) e, en xeral, todas aquelas que lle atribúa o Pleno do Consello Rexional de Economía Social.

A Comisión Permanente estará composta por: a) O Presidente, que será o Vicepresidente Primeiro do Consello Rexional de Economía Social; b) o Vicepresidente, que será o Vicepresidente Segundo do referido Consello; c) cinco vocais representantes da Administración da Comunidade, nomeados polo Presidente do Consello Rexional de Economía Social entre os membros a que se refire o artigo 3, apartado primeiro, punto 4 (once vocais, designados...); d) cinco vocais representantes das entidades asociativas de Economía Social, nomeados polo Presidente do Consello Rexional entre os membros a que se refire o artigo 3, apartado primeiro, punto 5 (oito vocais, propostos...); e) tres vocais representantes das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Castela e León, nomeados polo Presidente do Consello entre os membros a que se refire o artigo 3, apartado primeiro, puntos 6 e 7; en concreto, dous deles, entre os membros das organizacións sindicais máis representativas e, o terceiro, entre os membros das organizacións empresariais máis representativas; e f) o Secretario, que será o do Consello Rexional de Economía Social.

Segundo dispón o artigo 8, ao Presidente do Consello correspóndelle: a) Ostentar a representación do Órgano; b) acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e a fixación da orde do día, tendo en conta, no seu caso, as peticións dos demais membros; c) presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas; d) visar as actas e certificacións dos acordos; e) Exercer aqueles dereitos que lle correspondan coma un membro máis do órgano colexiado; e f) exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de Presidente do órgano. Non cabe esquecer que, en casos de vacantes, ausencia ou enfermidade, o Presidente será substituído polo Vicepresidente Primeiro ou, no seu defecto, polo Vicepresidente Segundo.

Por outra parte, os vocais, no seu cometido, teñen os seguintes dereitos e deberes: a) Asistir ás reunións dos órganos de participación; b) recibir cunha antelación mínima de corenta e oito horas, a convocatoria contendo a orde do día das reunións; c) custodiar os documentos aos que teñan acceso; d) gardar a confidencialidade sobre a información obtida nas reunións que fose declarada reservada e sobre as deliberacións con esa información relacionadas, así como non utilizar a información para fins distintos a aqueles aos que vai destinada; e e) cantos dereitos e deberes sexan inherentes á súa condición (artigo 9).

O Secretario, que –como xa vimos- será un funcionario da Consellería competente en materia de Economía Social designado polo presidente do Consello, terá, conforme sinala o artigo 10, as seguintes funcións: a) Asistir ás sesións do Pleno e da súa Comisión Permanente, exercendo as funcións propias de tal cargo, con voz pero sen voto; b) efectuar a convocatoria das sesións do Pleno e da súa Comisión Permanente por orde do Presidente, así como as citacións aos seus membros; c) recibir os actos de comunicación dos membros do Consello Rexional de Economía Social; d) redactar e autorizar as actas das sesións do Pleno e da súa Comisión Permanente; e) expedir certificacións das consultas, dictames e acordos aprobados; e f) cantos dereitos e deberes sexan inherentes á súa condición.

Finalmente, o artigo 11 pon de manifesto que o Pleno do Consello Rexional de Economía Social poderá acordar a creación de Comisións Especiais, permanentes ou temporais, sobre materias concretas. O propio Pleno será quen acorde a composición e o réxime de funcionamento das Comisións Especiais.

Chama a atención que a través dunha disposición adicional se permita ao Consello Rexional de Economía Social utilizar medios electrónicos no proceso de xestión de Convocatorias, Sesións e Actas tal e como se prevé na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de “*Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*”.

Cooperativismo e Enonomía Social, nº 32 (2009-2010), pp. 157-164

**“IMPOSIBILIDADE DE REACTIVACIÓN TÁCITA DA
SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA DISOLTA POR
TRANSCURSO DO PRAZO PARA O CAL FOI
CONSTITUIDA”.**

Anxo TATO PLAZA

1. Antecedentes.

A sociedade “Alcabre, sociedade cooperativa galega”, foi constituída cun prazo de duración inicial de cinco anos. Por medio de Asemblea celebrada no ano 2007 –antes do vencemento do prazo de duración da cooperativa- acordouse a súa prórroga por tres anos máis. Sen embargo, o acordo de prórroga da duración da cooperativa foi declarado nulo.

Malia isto, a sociedade, sen adoptar acordo expreso de reactivación da cooperativa, convocou unha nova Asemblea Xeral para adoptar determinados acordos. Os acordos adoptados nesta Asemblea foron obxecto de impugnación por un grupo de socios, ó entender que eran radicalmente nulos ó atoparse a sociedade disolta e manterse a súa personalidade xurídica só ós efectos da liquidación.

A demanda de impugnación dos acordos foi estimada en primeira instancia. Unha vez recorrida esta sentenza pola cooperativa, a Audiencia Provincial de Pontevedra, mediante sentenza de 24 de setembro de 2009, desestima o recurso interposto e confirma a sentenza de instancia en todos os seus extremos.

2. A sentenza da Audiencia Provincial de Pontevedra de 24 de setembro de 2009.

Reproducimos a continuación os fundamentos nos que se apoia a Audiencia para acadar as súas conclusións:

“Primeiro.- En virtude do precedente recurso pola apelante Alcabre sociedade cooperativa galega pretende a revogación parcial da sentenza dictada nos autos de xuízo ordinario polo xulgado do mercantil número 1 desta cidade, que estimou parcialmente a demanda de impugnación de acordos tomada na mesma o día 25 de abril de 2008, por considerar que a sociedade atopábase disolta ope legis polo transcurso do prazo para o cal foi creada de cinco anos dende o 27 de febreiro de 2002.

Argumenta ó seu favor que por medio de Asemblea celebrada o 8 de xaneiro de 2007 se acordou a prórroga da cooperativa outros tres anos máis, e aunque efectivamente se acordou por sentenza a nulidade da Xunta Xeral extraordinaria celebrada ese día, sen embargo na sentenza non se di que a cooperativa se extinguiña e non sexa posible a súa reactivación ou prórroga, por iso confundimento nesa resolución non pode sosterse que non é posible a celebración dunha nova Xunta Xeral o día 25 de abril de 2008 alegando que a cooperativa non pode seguir coa súa actividade e proceder así á anulación dos acordos adoptados na devandita Asemblea. Concorrería a causa prevista no artigo 86.b) da Lei de Cooperativas pero en ningún momento se di que non poida darse a reactivación sempre e cando se cumpran os requisitos de reactivación do artigo 88. Alcabre sociedade cooperativa púsose en contacto cos catro socios disidentes indicando que podían proceder a retirar persoalmente as cantidades aportadas na súa cualidade de socios de forma fehaciente e por burofax. Dende esta perspectiva certos acordos tomados son válidos non facendo outra cousa a demandante máis que, de mala fe, torpedear o funcionamento da cooperativa.

Dña. Gemma opúxose ó recurso argumentando que, como establece a resolución recorrida, non cabe a reactivación tácita da cooperativa cando esta quedou disolta, e só conserva a personalidade xurídica ós efectos de liquidarse, pero non que poida tomar acordos como se a disolución non se producira.

Segundo.- Sostén a parte apelada que partindo da nulidade declarada por sentenza de 3 de setembro de 2007 do acordo de prórroga da cooperativa por tres anos tomado o día 8 de xaneiro anterior constitúe á apelante ope legis nunha sociedade disolta por transcurso do prazo de cinco anos previsto na súa constitución que tivo lugar por escritura ante notario o 29 de xaneiro de 2002, e vencendo a súa duración o 27 de febreiro de 2007.

Aduce o apelante que malia isto nada impide a reactivación da sociedade cooperativa, e como ben reconece, sempre e cando se dean os presupostos previstos no artigo 88 da mesma Lei. O xulgador a quo espuxo con claridade que a cooperativa en disolución manteña a súa personalidade

xurídica mentres se leva a cabo a seguinte fase de liquidación ningún o negou. Pero traspasa os límites deste asertos ata extremos de fantasía que a personalidade xurídica que se recoñece abrangue ata poder exercer as competencias que corresponden á Asemblea en réxime normal ordinario, como se non estivera disolta por Lei. Non cabe reactivación tácita en tanto que o acordo de reactivación é igualmente impugnabile, incluso un dos motivos esgrimidos pola demandante é que comezara a devolución de aportacións que en sentido negativo establece o artigo 88 para proceder á reactivación.

A sentenza de instancia non pode ser máis clara nin tampouco máis acertada nos termos do artigo 88 da Lei galega de cooperativas cando dispón que a cooperativa disolta poderá ser reactivada cando se elimine a causa que motivou a disolución e non comezara o reembolso das achegas ós socios.

A reactivación require acordo da Asemblea Xeral adoptado por maioría de dous tercios dos votos presentes e representados, que deberá ser publicado no Diario Oficial de Galicia en un dos diarios de maior circulación na provincia do domicilio social da cooperativa. Este acordo elevarase a escritura pública e inscribírase no Rexistro de cooperativas, momento no que adquirirá eficacia.

En caso de creba, a reactivación só poderá ser acordada se a cooperativa chega a un convenio cos seus acreedores.

É por isto que non é posible afirmar, como fai o letrado apelante, que en ningún momento se di que non poida darse a reactivación sempre e cando se cumpran os requisitos de reactivación do artigo 88, porque precisamente, descartada a posibilidade de reactivación tácita, disolta a sociedade dende 27 de febreiro de 2007 a Xunta celebrada e impugnada de 25 de abril de 2008, sen que se producira o acordo de reactivación aprobado por maioría de dous terzos dos votos presentes e representados, publicado no DOGA e noutro dos de máis circulación da provincia, elevación a escritura pública e inscrición no rexistro de cooperativas, non é viable porque non cabe falar de sociedade reactivada.

Na cooperativa apelante disolta os administradores continuarán nas súas funcións de representación e xestión, ós únicos efectos de evitar posibles prexuízos, cesando nas mesmas unha vez que se producira o nomeamento e aceptación dos liquidadores e se efectuaran as oportunas inscricións rexistras. Suscribirán cos administradores un inventario e balance da cooperativa, con referencia ó día en que se inicie a liquidación e con carácter previo a que os liquidadores conecen a desenvolver as súas

funcións, correspondendo polo demais ós liquidadores realizar cantas operacións sexan necesarias para a liquidación, para o cal terán a representación da cooperativa en xuízo e fóra del, obrigando á sociedade fronte a terceiros nos mesmos termos que os establecidos para o órgano e administración da cooperativa.

En suma, a Asemblea de 25 de abril de 2008 convocada cos puntos da orde do día a nulidade dos cales se discute neste preito, nen tivo por obxecto a reactivación da sociedade (no caso de que fora posible se non empezara a devolución ós socios da participación na mesma, o cal parece que efectivamente si comezara) e non pode ter viabilidade o recurso cando xa espresamente se recoñece que deberían terse cumprido os presupostos do artigo 88 da Lei, resultando manifesto e notorio que isto non sucedeu. Deste xeito a sociedade disolta e non reactivada non ten personalidade xurídica ós efectos tomados nos acordos de 25 de abril de 2008 anulados na instancia”.

3. Comentario.

3.1. O transcurso do prazo como causa de disolución das cooperativas constituídas por prazo determinado.

Segundo establece o artigo 14 da Lei de Cooperativas de Galicia, unha das mencións obrigatorias que deben constar nos Estatutos da sociedade cooperativa galega é a relativa á duración da sociedade.

Sen embargo, isto non implica que a sociedade deba constituírse por un período de tempo determinado. Ó constituir a sociedade cooperativa galega, pode optarse entre asignarlle unha duración determinada ou unha duración indefinida.

A opción por unha destas dúas alternativas, como é evidente, ten unha decisiva incidencia no réxime de disolución da cooperativa. Así, se a cooperativa se constitúe por un período de tempo determinado, o vencemento do prazo de duración da cooperativa conleva automaticamente a súa disolución. Así o prevé o artigo 86 da Lei de Cooperativas de Galicia.

É importante destacar que esta causa de disolución das sociedades cooperativas constituídas por tempo determinado opera de xeito automático. Isto é, a disolución prodúcese *ope legis* unha vez vencido o prazo de duración da sociedade cooperativa, sen que sexa necesario ningún acordo de ningún órgano social. Noutras palabras, unha vez vencido o prazo de duración inicialmente asignado á cooperativa, esta enténdese automaticamente disolta e entra en período de liquidación.

Inda que non é preciso ningún acordo da cooperativa para que se produza a súa disolución unha vez vencido o prazo inicial para o cal foi constituída, o certo é que a cooperativa si pode evitar aquela disolución. A estes efectos, plantéxanse dúas alternativas distintas: a prórroga da sociedade cooperativa, e a súa reactivación.

3.2. Prórroga e reactivación da sociedade cooperativa.

En efecto, inda que a sociedade cooperativa fose inicialmente constituída por un período de tempo determinado, antes do seu vencemento a Asemblea Xeral pode acordar a súa prórroga. Así o prevé o artigo 86.b) da Lei de Cooperativas, segundo o cal, “a sociedade cooperativa disolverase (...) por cumprimento do termo fixado nos estatutos, agás acordo expreso en contrario da asemblea xeral, adoptado coa maioría establecida na letra anterior [dous tercios dos votos presentes e representados], que se elevará a escritura pública e se inscribirá no rexistro de cooperativas”.

Como se pode comprobar, o artigo 86.b) da Lei de Cooperativas de Galicia fixa un único requisito para a prórroga da sociedade cooperativa galega inicialmente constituída por prazo determinado: o relativo á maioría de dous tercios dos votos presentes ou representados para adoptar o acordo de prórroga. Sen embargo, e inda que non exista previsión específica ó respecto, o acordo de prórroga vese sometido a un requisito ulterior, desta vez de carácter temporal. Así, o acordo de prórroga da cooperativa debe adoptarse antes do día do vencemento do prazo inicial de duración fixado nos estatutos da cooperativa.

En efecto, xa dixemos que, no caso das cooperativas constituídas por tempo determinado, o vencemento do prazo de duración inicialmente asignado á cooperativa opera como causa de disolución automática. Polo tanto, unha vez vencido o prazo de duración inicialmente fixado, a cooperativa atópase disolta e entra en fase de liquidación, polo que xa non é posible a súa prórroga. Únicamente sería posible a súa reactivación.

A reactivación da sociedade cooperativa disolta regúlase no artigo 88 da Lei de Cooperativas de Galicia, que establece o seguinte: “a cooperativa disolta poderá ser reactivada cando se elimine a causa que motivou a disolución e non comezase o reembolso das achegas ós socios. A reactivación require acordo da asemblea xeral, adoptado por maioría de dous tercios dos votos presentes e representados, que deberá ser publicado no Diario Oficial de Galicia e nun dos diarios de maior circulación da provincia do domicilio social da cooperativa. O devandito acordo elevarase

a escritura pública e inscribírase no rexistro de cooperativas, momento no que adquirirá eficacia”.

Do contido deste precepto pódese deducir que a reactivación da sociedade cooperativa xa disolta atópase sometida a varios requisitos ou presupostos de índole material e formal. No que atinxe ós primeiros, a Lei de Cooperativas de Galicia establece dous requisitos: a reactivación só é posible cando se elimine a causa que provocou a disolución (o que no caso de disolución por vencemento do prazo implica, ben a ampliación deste, ben a fixación dun prazo de duración indefinido para a cooperativa) e non se iniciara o reembolso das achegas ós socios.

En relación cos presupostos de carácter formal, a reactivación da cooperativa esixe acordo da Asemblea Xeral que deberá ser adoptado por maioría de dous tercios dos votos presentes e representados e que deberá ser obxecto das publicación sinaladas no artigo 88 e inscrito no rexistro de cooperativas.

3.3. Imposibilidade de prórroga ou reactivación tácita. Nulidade dos acordos adoptados pola Asemblea con posterioridade á disolución da cooperativa.

De todo o ata aquí exposto despréndese que tanto a prórroga da sociedade cooperativa constituída por tempo determinado coma a súa reactivación unha vez disolta deben ser expresas. Quere isto dicir que tanto a prórroga da sociedade cooperativa coma a súa reactivación requiren dun acordo expreso en tal sentido por parte da Asemblea Xeral. Por conseguinte –e como subliña a sentenza que comentamos- non son posibles unha prórroga ou reactivación tácitas. En particular, non é posible deducir unha prórroga ou reactivación da cooperativa do feito de que a cooperativa continúe co seu normal funcionamento unha vez disolta por vencemento do prazo sen que se producira nin a súa prórroga nin a súa reactivación.

En consecuencia, o vencemento do prazo de duración inicialmente asignado á cooperativa sen que se acordase a súa prórroga ou –con posterioridade- a súa reactivación provoca que esta quede automaticamente disolta e entre en período de liquidación.

Polo demais, a disolución da cooperativa e a súa entrada en período de liquidación non extingue a súa personalidade xurídica. O artigo 87.4 da Lei de Cooperativas é claro a estes efectos ó sinalar que a cooperativa conserva a súa personalidade xurídica mentres se realiza a liquidación, debendo engadir á súa denominación social os termos “en liquidación”.